



**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIÓS PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DO INMOBLE QUE ACOLLE O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CASTAÑA.**

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2016

**REUNIDOS**

M<sup>a</sup> Nava Castro Domínguez, directora da Axencia Turismo de Galicia en virtude do Decreto 34/2013, do 21 de febreiro no exercicio das facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

, alcalde presidente do Concello de Riós, actuando en nome e representación da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

As partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto tendo en conta o disposto no artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.** O Centro de Interpretación da Castaña, no lugar da Igrexa, parroquia de Trasestrada, é o resultado dunha eficaz rehabilitación da antiga casa reitoral. Á beleza exterior úneselle o carácter funcional e equilibrado do seu interior, ofrecendo múltiples posibilidades aos visitantes que se acheguen ao lugar. Tradición e modernidade son os ingredientes cos que xoga o Centro para achegarnos máis todo o referente á castaña e aos distintos aspectos do concello de Riós.

Mediante este acordo, as partes pretenden a posta a disposición do inmoble que acolle o Centro de Interpretación da Castaña para a renovación e reparación da cuberta e carpintería exterior e adecuación interior.

A planta baixa do citado inmoble destinarase a albergue xestionado polo concello.



**SEGUNDO.** Entre as competencias da Axencia Turismo de Galicia está a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da administración da comunidade autónoma. O presente acordo non supón un compromiso en firme de realización das obras por parte da Axencia, se non que esta se compromete a realizar un estudo da viabilidade do expediente de contratación para levar a cabo as obras para o cal é necesario asegurar previamente a disposición favorable da administración pública titular do inmovible.

En atención a todas estas consideracións, as partes asinantes consideran de interese desenvolver unha liña de colaboración a través dun acordo entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Melón conforme as seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. Obxecto**

O obxecto deste acordo é fixar as liñas de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Riós para a execución das obras de renovación e reparación de cuberta e carpintería exterior e adecuación interior do Centro de Interpretación da Castaña debido á significación que ten turisticamente este centro, tendo así en conta a desestacionalización do turismo en Galicia.

### **SEGUNDA . Compromisos do Concello de Riós**

O Concello de Riós comprométese a:

- Poner a disposición da Axencia Turismo de Galicia, libre de cargas e gravames, sen reserva ningunha, o inmovible que acolle o Centro de Interpretación da Castaña, con anterioridade á realización das obras. A Axencia Turismo de Galicia non procederá á tramitación do expediente de contratación das obras, en tanto non teña a dispoñibilidade do inmovible.
- No caso de que a execución das obras obxecto deste acordo supoña o desaloxo total ou parcial dos bens, o concello farase cargo de todos os gastos que se deriven deste.
- O concello renuncia expresamente á percepción de calquera tipo de taxa ou tributo por motivo de obras, como puidesen ser licenzas de construción, de obras ou de apertura.
- De levarse a cabo as obras e unha vez recepcionadas, o concello comprométese a recibilas da Axencia Turismo de Galicia, para destinalas á finalidade descrita no expoñendo primeiro.



### **TERCEIRA. Compromisos da Axencia Turismo de Galicia**

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a:

- Supervisar e aprobar o proxecto técnico, así como a estudar a posibilidade de tramitar un expediente de contratación para levar a cabo as obras de renovación e reparación de cuberta e carpintería exterior e adecuación interior do Centro de Interpretación da Castaña, de acordo coa memoria técnica redactada por Jorge Lorenzo Mosquera.

No caso de que a Axencia non inicie a contratación da obra antes do 31 de xullo do 2017, deberá devolver o inmovible durante o segundo semestre do 2017 sen que se poida derivar responsabilidade ningunha.

### **CUARTA. Comisión de Seguimento**

Constituirase unha comisión de seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente acordo e para resolver as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

Esta Comisión, presidida por un representante da Axencia Turismo de Galicia, que terá voto de calidade no caso de empate nalgunha votación, estará integrada por dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e un representante do Riós.

### **QUINTA. Causas de resolución**

O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento dará lugar á resolución do mesmo.

### **SEXTA. Vixencia do acordo**

O presente acordo terá vixencia desde o día seguinte á súa sinatura ata o momento no que produza a entrega do inmovible ao concello de Riós, que terá que ser antes do 31 de decembro de 2017.



### **SÉTIMA. Carácter administrativo do acordo**

O presente acordo terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Ós seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do acordo serán resoltas pola Axencia Turismo de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra eles recurso potestativo de reposición ante Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes de ser expreso o acto a impugnar ou tres meses de ser presunto, segundo o previsto na Lei 30/92 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo. Para tales efectos serán competentes os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

En proba de conformidade cos termos do acordo, as partes comparecentes asinan e rubrican, en cuadriplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

A directora da Axencia Turismo de Galicia

O alcalde de Riós

M<sup>a</sup> Nava Castro Domínguez